

PROPOSTA DE DETERMINACIÓN DOS CRITERIOS PORMENORIZADOS DE VALORACIÓN PARA AS BOLSAS DE FORMACIÓN NO PARLAMENTO DE GALICIA

A Comisión de valoración de bolsas 2020-2021 para a formación práctica no Parlamento de Galicia, constituída o 5 de outubro de 2020, acordou na súa reunión do 7 de outubro de 2020 o seguinte reparto da puntuación en cada un dos apartados previstos na cláusula novena das bases da convocatoria (BOPG núm. 641, do 8 de xuño de 2020, DOG núm. 116 , do 15 de xuño de 2020).

a) Criterios de valoración para as bolsas de formación de arquivo, biblioteca e documentación, comunicación institucional, publicacións, recursos humanos e contratación, xestión parlamentaria e asistencia administrativa e servizos comúns, e bolsa adicional de formación:

1.- **Expediente académico:** ata un máximo de **13 puntos:**

Puntuación en función da nota media do expediente académico.

2.- **Formación académica adicional:** ata un máximo de **5 puntos.**

- Outros graos universitarios: 3,5 puntos.

- Doutorado: 2,5 puntos

- Estudos de postgrao/Máster:

- con acreditación de 500 ou más horas: 1,5 puntos por máster.

- con acreditación de entre 250 e 499 horas: 1 punto por máster.

- con acreditación de ata 249 horas: 0,5 puntos por máster.

Os estudos de distintos master serán acumulables ata o máximo de 5 puntos.

- Técnico superior en formación profesional: 1 punto por título.

- Experto ou especialista universitario ou capacitación profesional: 0,5 puntos

3.- **Outros estudos e experiencias relacionadas coa materia obxecto da bolsa de formación:** ata un máximo de **1 punto.**

- Cursos de informática: ata 0,25 puntos.

Cursos de máis de 100 horas asígnaselle 0,25 puntos. Curso por debaixo das 100 horas reparto proporcional segundo o número de horas.

- Outros cursos relacionados coa bolsa de formación: ata 0,25 puntos.

Cursos de máis de 100 horas asígnaselle 0,25 puntos. Curso por debaixo das 100 horas reparto proporcional segundo o número de horas.

- Experiencia profesional (bolsas, contratos en prácticas, contratos de traballo) e publicacións: ata 0,5 puntos.

- Experiencia profesional: 10 meses acreditados asígnaselle 0,5 puntos. Por debaixo dos dez meses a 0,05 puntos por mes acreditado.

- Publicacións e semellantes: Ata 0,25 puntos

Correspondendo 0,083 por cada publicación acreditada.

* Non se valorarán os cursos e as demais actividades formativas de menos de dez horas lectivas, nin aqueles que non acrediten as horas lectivas.

4.- Coñecemento de idiomas: ata un máximo de **1 punto**.

- Nivel básico (A 1 e A2 MCER): ata 0,10 puntos.

- Nivel medio (B1 MCER): ata 0,20 puntos.

- Nivel alto ou avanzado (B2 MCER): ata 0,5 puntos.

- Nivel superior (C MCER): ata 1 punto.